



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Fundación Enxeñería Civil de Galicia (FECG), para a realización dunha estratexia de internacionalización e consolidación da presenza no exterior do sector galego da auga

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é a entidade responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Xunta de Galicia. Polo que corresponde a esta entidade a defensa e a promoción do sector galego da auga. Tamén de acordo co Estatuto de Augas de Galicia, realiza funcións relativas á cooperación nacional e internacional en materia de infraestruturas hidráulicas.

2 Augas de Galicia e a FECG pretenden elaborar, dun xeito conxunto, unha estratexia que permita ao sector colaborar con outros organismos de conca, a nivel nacional e internacional; participar en iniciativas de I+D+i a nivel internacional; participar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e transferencia de coñecemento e promover e fomentar a expansión do modelo galego de xestión. Esta colaboración permitirá axuntar a experiencia en xestión de Augas de Galicia coa capacidade de xerar coñecemento e de ofrecer formación da fundación, o que supón unha clara complementariedade á hora de asumir proxectos de colaboración orientados a promover o desenvolvemento de entidades homólogas no exterior.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Enxeñería Civil de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de doce meses dende o día seguinte ao da súa sinatura.

4 O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a FECG para:

Por unha banda, elaborar unha estratexia de internacionalización que lles permita as dúas partes identificar e desenvolver, a medio-longo prazo, as oportunidades do sector galego da auga a nivel internacional.

Por outra banda, continuar coas labores de apoio e asesoramento ás accións internacionais do sector galego da auga

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

É de interese de Augas de Galicia e da FECG continuar coa labor de cooperación que ven desenvolvendo nos últimos anos e aproveitar esta experiencia para a defensa e promoción do sector galego da auga dándolle





proxección internacional; fomentando a investigación, a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, a colaboración con outras institucións internacionais e a coordinación de estudos e estratexias no sector.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela,
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

